

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do grupo parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa aos riscos derivados do mantemento da planta de gas de Reganosa.

Cómpre tomar nota da traxedia producida na cidade china de Tianjin, consecuencia das explosións producidas o pasado día 13, na área portuaria na que se almacenaban substancias químicas, combustibles, e que a día de hoxe segundo reportan os medios sáldase con máis de 114 mortos, 721 feridos, un número de desaparecidos aínda por cuantificar con exactitude, pero entre os que se contan 13 bombeiros segundo medios oficiais, e una cuantiosa destrución de vivendas e bens. Segundo os medios a onda expansiva chegou a sentirse a 10 Km de distancia e a segunda explosión - a máis potente- liberou una enerxía equivalente á provocada por unhas 21 toneladas do explosivo TNT.

A distancia do almacenamento destas substancias perigosas sitúabase a 500 m dos nucleos residencias, incumprindo a lexislacion chinesa ó respecto.

O acontecido na cidade chinesa de Tianjin debería alertanos sobre a ameaza que o CCE da Ría de Ferrol ven denunciando dende hai anos sobre a ameaza que a ilegal planta de gas de Reganosa supón para a poboación que vive na contorna da Ría de Ferrol. Lembrar a súa reubicación a menos

de 200 m do núcleo urbano de Meha, a 800 m do arsenal militar ou 900 m do núcleo de Mugardos, e a carón do complexo petroquímico de Forestal que almacena preto de 300.000m³ de combustible e produtos químicos. Unha instalación que supera en 85.000 veces a potencia da explosión máis potente acontecida en Tianjin.

A xunta de Galicia socia de Reganosa co 17.5 % das accións, ven promovendo a ampliación das instalacións (duplicar a capacidade de regasificación, e incluso a construción de un terceiro tanque) a pesares de que a demanda do consumo de gas non se prevé que aumente e da escasa produción da planta, dun 28.6% no último ano. Asemade o Goberno da Xunta de Galicia ven promovendo que a ría de Ferrol se convirta no centro de subministro de gas aos buques con este tipo de propulsión, é dicir, ampliar a actividade do uso do gas no interior da ría aumentando os riscos para a poboación que vive na contorna da ría, a sabendas da ilegalidade desta actividade por non poder cumprimentar a normativa de navegabilidade e pola ilegalidade dunha instalación que non cumpre coas distancias esixidas e que en sentenza de maio de 2012 o Tribunal Supremo determinou.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- E conscente o Goberno da Xunta de Galicia da súa temeridade ao apoiar o mantemento dunha instalación ilegal, deficitaria e tan perigosa no interior da ría de Ferrol, e aumentar o uso das actividades con GNI?

En Compostela, a 25 de agosto do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 25/08/2015 13:09:20